

# Fórmate nos Telecentros Rurais



Infórmate no:



Durante os meses de novembro, decembro e xaneiro nos 21 telecentros da Rede de Telecentros Rurais do Concello de Lugo



Dende o 14 de novembro de 2011 ata o 27 de xaneiro de 2012 o Concello de Lugo realizará un novo **programa de formación nos telecentros da zona rural** que contén actividades de difusión e formación sobre as novas tecnoloxías. Este programa está incluído no Proxecto europeo PARNET-tic e é unha iniciativa promovida pola Concellería de Servizos Xerais e Modernización Administrativa, que terá lugar nos 21 telecentros da Rede de Telecentros Rurais do Concello de Lugo.

O programa formativo ten por obxectivo iniciar aos usuarios e ás usuarias no uso da Internet e das Novas Tecnoloxías aplicadas ao uso cotián. É un programa dirixido a toda a cidadanía, con actividades para os nenos, os pais, os maiores, as PEME e os agricultores.

Tamén se impartirá formación sobre o funcionamento de catro aplicacións informáticas postas en marcha co Proxecto PARNET-tic: Sistema de Localización e Información Xeoreferenciada, Plataforma de SMS, Plataforma de Información Xeoreferenciada do Punto Limpo e Sistema de Consultas. Estas aplicacións ofertarán novos servizos aos cidadáns do rural e crearán unha canle de comunicación áxil e efectiva entre a cidadanía, as empresas e o Concello.

Para máis información ou **para inscribirse neste programa formativo hai que chamar ao teléfono 010** do Concello de Lugo ou ao 982 297 350 para chamadas desde fóra do municipio.

## **PROGRAMA FORMATIVO NA REDE DE TELECENTROS RURAIS DO CONCELLO DE LUGO:**

### MES DE NOVEMBRO DO 2011:

#### **Semana do 14 ao 18:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Coeses

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de San Xoán do Campo

#### **Semana do 21 ao 25:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Rubiás

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de Santiago de Súa

#### **Semana do 28 ao 2:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Bocamaos

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de Camoira

### MES DE DECEMBRO DO 2011:

#### **Semana do 5 ao 9:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Meilán

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de Adai

#### **Semana do 12 ao 16:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Castelo

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de Pedreda

#### **Semana do 19 ao 23:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Santa María de Bóveda

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de Barbaín

#### **Semana do 26 ao 30:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de O Veral

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de Vilachá de Mera

### MES DE XANEIRO DO 2012:

#### **Semana do 2 ao 6:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Poutomillos

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de San Pedro de Mera

#### **Semana do 9 ao 13:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de San Xoán do Alto

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de O Burgo

#### **Semana do 16 ao 20:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Calde

De 19:30 a 21:30 horas: Telecentro de Ribas de Miño

#### **Semana do 23 ao 27:**

De 17:00 a 19:00 horas: Telecentro de Santa Comba